

¡Mamasiña, que medo!

Chus Pereiro

Ilustracións de Cuchi Souto



Chus Pereiro (Marín, 1957) é mestra de ensino primario en Vigo. Alí dirixe, dende hai anos, obradoiros de teatro infantil para os que nun principio, debido á falta de textos, comezou facendo adaptacións. Co tempo animouse a escribir as súas propias historias, caracterizadas sempre polo humor e os numerosos protagonistas que as compoñen, dando pé así á posibilidade dun teatro infantil lúdico e participativo.

Cuchi Souto naceu en Cobas (Ferrol) hai 47 anos. Mestra de profesión, traballa no Centro de Formación e Recursos de Ferrol.

O seu primeiro libro ilustrado é *Chirlosmirlos*. Enciclopedia dos xogos populares, (Edicións Xerais, 2001).

Colección ao coidado de Helena Pérez

Coordinación editorial e maquetación: Helena Pérez

Ilustración cuberta: Cuchi Souto

Deseño da cuberta: Miguel Vigo

Produción: Xosé M. García Crego

1ª edición: abril, 2002

2ª edición: marzo, 2012

© do texto: Chus Pereiro, 2002

© das ilustracións: Cuchi Souto, 2002

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2002

Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO.

xerais@xerais.es

<http://xerais.blogaliza.org>

ISBN: 978-84-8302-785-1

Depósito legal: VG 193-2002

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.



merlín

¡Mamasiña, que medo!

Chus Pereiro

Ilustracións de Cuchi Souto

EDICIÓN XERAI DE GALICIA



*Ás nenas e nenos de Canicouva Teatro, que lle
seguen a corda ás miñas tolerías.*

PERSONAXES

A CELIDONIA

O CEGO 1º

O CEGO 2º

O CEGO 3º

Os RAPACES, 1º, 2º, 3º E 4º

As MOZAS, 1ª, 2ª, 3ª E 4ª

As MULLERES, 1ª, 2ª, 3ª E 4ª

Os HOMES, 1º, 2º, 3º E 4º

O MORCEGO

A CHINCHA

A CHINCHETA

O MECÁNICO

O XIGANTE XUVENCO

O OCUS-LISTUS

A PANTASMA

O VAMPIRO RAMIRO

O MOSQUITO

A CELIDONIA




OS TRES CEGOS

A CHINCHA



A CHINCHETA



O XIGANTE XUVENCO

O MORCEGO



A PANTASMA



O VAMPIRO
RAMIRO



O MOSQUITO

O MECÁNICO



O Ocus LISTUS



MULLERES,
HOMES,
MOZAS
E RAPACES



ACTO I

Ábrese o pano. Nunha vila ou aldea. Cartéis:



Ruído de helicóptero. Golpe seco. Aparece Celidonia, bruxa vella e desdentada. Leva na man unha vasoira esfolhada e anda encollida e queixosa.



CELIDONIA: ¡Aí, aí, aí! ¡Vaia trompada levei! ¡Aí, aí!
Teño que repara-la vasoira. Xa hai tempo que
falla o tren de aterraxe. A miña vasoira vai vella,
coma min. Calquera día morrémo-las dúas afo-
ciñadas ¡Aí, aí! Vou ver onde caín, a ver se acer-
tei co sitio. (*Achégase ós carteis*) ¡Vaia! ¡Se non
trouxen as gafas de cerca! Vou preguntar a esta
xentiña. (*Ó público*) ¡Eh, vostedes! Estou en
Xalundes ¿non si? (*Agarda a resposta*)
Sí. Isto é Xalundes, a min non me engana un
pipiolo calquera ¡Aí, dóeme o lombo! Voume
sentar neste curruncho mentres agardo polas
miñas comadres.

*(Celidonia vai cara a un curruncho da escena e senta
no chan. Aparecen os tres cegos ó son dunha zan-
fona. Levan un cartel coas ilustracións da historia
que cantan. Tras deles van chegando os paisanos
da aldea, que toman posición e escoitan atentos)*

CEGO 1º: Miñas donas, meus señores,
aquí estamos os tres cegos.
Vimos contar unha historia
¡Aí, mamasíña, que medo!

CEGO 2º: De meigallos e pantasmas,
de vampiros e morcegos,
ruxerruxe na negrura
¡Aí, mamasíña, que medo!

CEGO 3º: Remirado e relambido,
neste arrepiante castelo
vive o xigante Xuvenco
¡Ai, mamasíña, que medo!

CEGO 1º: Ten Xuvenco grandes dentes
e grandes ollos funestos.
Ten voz de trono arrepiante
¡Ai, mamasíña, que medo!

CEGO 2º: Cando chega a noite pecha,
sae o Xuvenco famento.
Papa ó primeiro que atopa
¡Ai, mamasíña, que medo!

CEGO 3º: Logo de papa-la xente,
e co bandullo xa cheo,
déitase cun ollo aberto
¡Ai, mamasíña, que medo!

CEGO 1º: Axexando todo o día,
este xigante noxento
quere engulírnos a todos
¡Ai, mamasíña, que medo!

CEGOS (Os tres): Quen atope co xigante
pode facer testamento.
Nós fuximos, por se acaso
¡Ai, mamasíña, que medo!



(*Vanse os cegos. Os paisanos murmuran, apampados e medoñentos coa historia*)

CELIDONIA: ¡Bah! ¡Andrómenas! ¡Paparruchas! ¿Pero quen vai crer semellante historia?

PAISANOS: (*Asentindo*) ¡Nós!

CELIDONIA: ¿Como? ¿Credes vós que pode ser certa semellante parvada?

PAISANOS: ¡Sí!

CELIDONIA: ¿Pero que clase de xente vive neste lugar? ¡Se ese conto non asusta nin ós nenos de chupeta! ¡Ouh! ¡Canta burremia! Sodes todos uns cagainas. Sí, señor. Uns cagainas aparrulados. Uns papaleisóns. Uns paifocos. Uns... uns...

RAPAZ 1º: ¡Alto aí! ¡Un momentinho! Desculpe vostede, señora, pero non imos permitir que unha forasteira veña face-la chufa á nosa conta.

MULLER 1ª: Sí, porque vostede é forasteira. Ben se ve, que se fose de aquí, non andaría tan arrichada nin tan chachacheira.

Moza 1ª: Nin tería a lingua tan afiada.

HOME 1º: Sí, señora. Que os aquí presentes, habitantes todos deste lugar, ben sabemos que o do xigante Xuvenco non é un conto.

MOZA 2ª: ¡Aí, non díga-lo seu nome, que me dá un desmaio!

PAISANOS: (*Con desmaio*) ¡Aí! Sí... sí...

MULLER 2ª: ¡A mín, cando oio dicir Xuvenco, dáme unha comechón...! (*Ráscase*)

PAISANOS: (*Ráscanse tamén*) ¡Aí! Sí... sí...

RAPAZ 2º: Parade, que se dícides Xuvenco, espirro e non dou parado... (*Espirra*)

PAISANOS: (*Espirran*) Sí... sí...

HOME 2º: Eu é dicir Xuvenco e chorar os sete chorares... (*Chora*)

PAISANOS: (*Choran*) ¡Aí! Sí... sí...

CELIDONIA: ¡Alto! ¡Un momentinho! Que se tedes pensado pinga-lo moco moito tempo, podeades aforralo traballo. Non soporto os melodramas.

MULLER 3ª: ¿E quen vén sendo vostede, se non é moito preguntar?

CELIDONIA: ¡Oh! Descúlpennos que non me presentara. Chámome Celidonia Colondra, e son bruxa profesional. De aí que non me impresionen as historias de ogros nin xigantes por moi lambóns que sexan.

PAISANOS: (Abraíados) ¡Oh! ¡Unha bruxa!

MOZA 3ª: ¿E como foi que caeu por aquí?

CELIDONIA: ¿Víronme caer? A miña vasoira vai vella, pero o piloto automático aínda funciona de marabilla. Foi dicir "¡Vasoira, a Xalundes!" e caer xustíño aquí ¡Bo sería aterrar, mellor que caer, pero que se lle vai facer!

RAPAZ 3º: ¿E por que quería vir xustamente aquí?

CELIDONIA: Pois verá, todo o mundo sabe que as bruxas, de cando en vez, facemos unha xuntanza coa lúa chea e esas cousas. E sempre buscamos un lugar solitario, coma este. Inda que chegar foi un barullo. O tráfico polo ceo anda cada vez peor: avións, satélites, e toda esa ferralla voando por aí solta. E polo que vexo, cheguei a primeira. De seguro que as outras bruxas están nun atasco.



HOME 3º: Pois si que é curioso, porque aquí hai tempo que non chegan visitas. Nin os mosquitos veñen.

CELIDONIA: ¡Moito mellor! A min aseguráronme na axencia de viaxes que en Xalundes non hai nin turistas nin mosquitos. Sempre van xuntos uns e mailos outros. E, nunha noite de bruxas, non hai nada máis molesto que os mosquitos e as fotos dos turistas.

RAPAZ 4º: Acougue, señora bruxa, que aquí deses turistas non lle hai, non.

MOZA 4ª: ¿E como vai habelos, se os primeiros que chegaron eran uns papáns?

MULLER 4ª: Sí. Ó ver o castelo dixeron "*Oh, wonderful*" e alá foron.

HOME 4º: ¡Pobres turistas! O xigante papounos a todos.

CELIDONIA: Xa o dicía eu. Andan por todas partes ¡Mira que ir pasa-las vacacións ó bandullo dun xigante! E se cadra algúns estaban de lúa de mel e todo. (*Pensa*) ¡Eh! ¡Un momento! ¿Queren dicir que o do xigante é verdade?

PAISANOS: Sí.

CELIDONIA: (*Asustada*) Peroooo... alguén terá que facer algo para resolve-lo asunto ¿E o rei? Tere-des un rei que vos defenda, ¿non?

PAISANOS: Non...

RAPAZ 4º: A ese papouno tamén.

CELIDONIA: ¿E o alcalde? (*Todos negan*) ¿E o garda do tráfico? (*Negan*) ¿E a presidenta da APA?

PAISANOS: Papounos a todos.

CELIDONIA: ¿A tódalas autoridades? ¡Carafío! ¡Pois si que ten bo dente o tal Xuvenco!

(*Todos desmaian, espirran, rañan, choran... De súpeto soa unha campá e paran todos, moi caladíños*)

CELIDONIA: ¿E agora que pasa? ¿Tédeslle medo tamén ó cura?

RAPAZ 1º: ¡Nooon! Ó cura papouno tamén hai tempo. Esa campá é a que puxemos na porta do xigante.

MOZA 1ª: Sérvenos de aviso cando sae do castelo.

PAISANOS TODOS: (*Con cara de susto*) ¡Oh! ¡Ai!

MULLER 1ª: E máis vale correr, porque lle aseguro, señora, que ó xigante tanto lle ten un menú coma outro.

HOME 1º: Na merenda de onte pílloume os catro porcos que tiña.

MULLER 2ª: E bebeu os vinte bocoís de viño que gardaba eu na taberna.

MULLER 3ª: E gracias a que estabamos agachados, que, se non, hoxe non quedaría de nós nin un óso para rillar.

RAPAZ 2º: ¿E que facedes aí parados? ¡Corredel!

(*Corren todos a agacharse no patio de butacas agás Celidonia que continúa na escena*)

CELIDONIA: Eu non dou moito creto a esta historia, pero, polo si ou polo non, non vou agardar aquí a que chegue un xigante. Así que arre, vasoiriña, ímonos voando. (*Pausa. Ruído de arrincada inte-*

rrompida. A vasoira non voa. Nerviosa) ¡Ouh!
¡Dixen arre, vasoira! (*Pausa de novo. Láíase*)
¡Xusto agora, que ven o xigante, non arranca!

(*De súpeto aparece o Morcego. Os dous berran co susto*)

MORCEGO: ¡Oh! ¿Que fas aí, desgraciada? ¿Non tes medo do enorme xigante Xuvenco? ¡Vaite!
¡Fuxe!


CELIDONIA: (*Apampada ó ve-lo morcego*) ¡Mamasiña! ¡O Xuvenco non sei, pero ti si que es grande!

MORCEGO: ¡Bah! Eu son un simple morcego do castelo.

CELIDONIA: (*Para sí*) ¡Ai, se o morcego ten ese tamaño non quero nin pensar cómo será o xigante!

MORCEGO: O xigante é descornal. Faise noite só coa súa sombra. E tiveches sorte ti hoxe, porque o meu señor, o grande xigante Xuvenco, atópase doente e non pensa deixa-la cama. Mandoume saír a min para lle buscar un doutor.

CELIDONIA: ¡Ai, meu pobre! ¿E cal é o mal que padece?



MORCEGO: Non cho vou dicir. Os informes de saúde son confidenciais. E máis tratándose dos informes da saúde dun xigante, que logo todo se sabe e pérdeselle o respecto. E xa está ben de tanta parola. ¡Veña! ¡É urxente localizar un médico!

CELIDONIA: (*Berra*) ¡Médicooooo! ¡Un médicoooo! ¿Hai algún médico na sala?

RAPAZ 4º: (*Dende o patio de butacas*) ¿Como vai haber un médico, se o papou o xigante hai tres días?

MOZA 2ª: ¡E de sobremesa papou tamén ó boticario!

CELIDONIA: (*Ó Morcego*) ¡Vaia! ¿E agora que vai facer vostede?

MORCEGO: (*Preocupado*) Non sei... Vou aviado. O caso é que o meu señor, o descomunal xigante Xuvenco, precisa axuda de contado. Está moi, moi maliño. (*Pensa. Bótalle unha ollada a Celidonia con moita atención*) E vostede..., non é por molestar, pero coa pinta que ten... ¿Non será unha bruxa?

CELIDONIA: Si, señor. É vostede moi agudo. Pero, se pensa que podo ter un remedio para o seu xigante, vai dado. Son vella e desmemoriada. Non me lembro das receitas de meigallos nin de bebedizos máxicos. Ademais, teño as miñas ocupacións. Imos facer unha noite de bruxas, e casualmente por alí veñen as miñas comadres.

(Do fondo do patio de butacas, chegan as outras bruxas, Chíncha e Chíncheta. A primeira é bruxa tradicional. Chíncheta é nova e ten certo aire de modernidade. Levan cadansúa maleta na man)

CHINCHA: ¡Eh, Celidonia! ¡A miña comadre, a bruxa Celidonia Colondra! ¡A veterana de tódalas meigas chuchonas! *(Dálle unha aperta a Celidonia)*

CHINCHETA: *(Tímida)* ¡Ola, boas!

CELIDONIA: ¡Chíncha! ¡Canto tempo! Pero... ¿É esta a pequena Chíncheta? ¿A miña afillada?

CHINCHA: A mesma. Pero non é pequena, xa vai crecida. E esta é a súa primeira noite de bruxas ¡Ten unha ilusión! Devezce por aprende-lo oficio.

CELIDONIA: ¿E por que leva esa pinta?



CHINCHA: ¡Oh, xa sabes! ¡A xuventude de agora...!
Ademais fai carreira nunha universidade estranxeira.

CELIDONIA: Chíncha, non me veñas a mín con esas parvadas, que as bruxas non andamos por aí con cursiños de inglés. Falamos tódolos idiomas dende o primeiro día.

CHINCHETA: Acouga, madriña, que os meus estudos céntranse nas novas tecnoloxías.

CHINCHA: E se cadra o día de mañá entra na Citroën. Porque dígoche, comadre Celidonia, que as bruxas coma nós temos xa pouco futuro.

CELIDONIA: E menos imos ter se ficamos aquí paradas. Alá enriba hai un xigante e, se o deixan, papa ó mundo enteiro. Así que, arrinca a túa vasoira e ímonos ás carreiras (*Anda cara á saída. As outras dúas non se moven*) ¡Veña, axiña!

CHINCHA: Non pode ser, Celidonia. O que eu dicía, xa non somos nada. Non teño vasoira. Non pasou a ITV.

CELIDONIA: (*A Chincheta*) ¿E a túa, Chincheta? ¿Onde vai a túa vasoira de voar?



CHINCHETA: ¡Aí, madriña! Aínda non teño idade para o carné de conducir.

MORCEGO: Perdoen, pero vostedes veña a falar de vasoiras e aquí o que hai é unha emerxencia médica. E por moi chochas que estean, as bruxas sempre traballaron na rama sanitaria. Así que agora mesmiño veñen comigo ó castelo e preparan un bebedizo máxico que poña remedio ó mal que padece o meu señor, o colosal Xigante Xuvenco.

CELIDONIA: ¿Alá arriba? ¡Nin de broma! Non hai ascensor, non hai vasoiras de voar... Ademais, ¿quen me di a min que non nos vai engulir en canto cheguemos?

CHINCHA: Pois que queres que che diga, Celidonia. Nestes tempos que corren, nos que todo é de mentira, a min pícame a curiosidade por ver un xigante auténtico.

CHINCHETA: (*Papiola e soñadora*) Se cadra é un príncipe enmeigado. E se lle dou un bico de amor, pode que volva ó seu tamaño natural, e case comigo, e...

CELIDONIA: ¡Aí, nena, que parvadas se che ocorren!

CHINCHA: (*A Celidonia*) Deixa, son cousas da idade do pavo. ¡Veña, imo-las tres na túa vasoira!

CELIDONIA: (*Berra cara ó público*) ¡Mecánicooooo! ¡Un mecánicooooo! Isto é unha emerxencia. ¿Hai algún mecánico na sala?

(*Entra na escena o Mecánico, moi dilixente, coa súa caixa de ferramentas e todo*)

MECÁNICO: (*Moi, moi fachendoso*) Aquí mesmo, señoras. Talleres Ferraganchos. Servicio de grúa. Concesionario oficial Chambón. ¿Cal é o problema?

CELIDONIA: O problema sonlle os anos. Aquí a miña vasoira vai vella e non quere voar.

MECÁNICO: Imos ver... (*Inspecciona a vasoira*)... motor de arranque estragado... tren de aterraxe escachado... depósito de combustible bota por fóra e... o máis grave, ¡hai piollos!

CELIDONIA: ¡Ah! Iso é o normal. Hai quen ten un gato ou un can. Eu teño piollos de toda a vida.

MECÁNICO: O caso é que non a podo amañar (*Estende a man*). Son trinta mil.



CHINCHA: (*Entusiasmada*) Pois con trinta mil piollos, se os poñemos a todos de acordo en dar un chimpo a un tempo, inda podemos subir ó castelo.

CELIDONIA: Boa idea, Chincha. Alá imos.

(*Soben as tres na vasoira*)

CHINCHETA: ¡Piollíños, todos! ¡Unha... dúas... tres!
¡Celidonia! ¡Mete a segunda!

(*Cae o pano. Ruído de motor e despegue de foguete espacial. Berros de ledicia das bruxas. Óese a voz do mecánico*)

MECÁNICO: ¡Eh! ¿E quen me paga a min o desprazamento?

(*Cae o pano*)

FIN DO ACTO I

ACTO II

Ábrese o pano. Sala do castelo. Hai unha mesa á dereita da escena e un cadaleito disimulado á esquerda. Entran os cegos e cantan.

CEGO 1º: Dereitiñas ó perigo...

CEGO 2º: ...e axudadas polo vento...

CEGO 3º: ...chegan as tres bruxas tolas.

CEGOS 1º, 2º E 3º: ¡Aí, mamasíña, que medo!

(Vanse os cegos. Escóitase de novo o motor e un golpe seco. Laíos e queixas das bruxas. Entran na escena)

CELIDONIA: ¡Aí, ai, que golpe! E un dente menos.

CHINCHA: É a noite de bruxas máis emocionante da miña vida!

CHINCHETA: Morcego, ¿onde é que está ese príncipe enmeigado de xigante?

MORCEGO: ¡Non é un príncipe enmeigado! É o meu señor o xigante Xuvenco, e advírtolle, mocíña, que non lle gustan os bicos nin as carantoñas.

CELIDONIA: (*Dá un chímbo*) ¡Ai! ¡Picoume un bicho!

CHINCHA: Sería un dos piollos.

CELIDONIA: Non, Chíncha. Non é de piollo. Semella picadura de mosquito. Vanme enche-lo corpo de espullas.

(*De súpeto todos rascan o corpo*)

CHINCHA: ¡Ai! Picoume a min tamén ¡Demo de mosquito!

CHINCHETA: Se cadra non é un mosquito. Pode ser tamén un príncipe enmeigado que semelle un mosquito e ...

CELIDONIA: ¡Oí, Chinchetiña! Escoita ben a túa primeira lección nunha noite de bruxas. Os príncipes enmeigados non existen, porque as bruxas temos máis que facer que andar enmeigando e desenmeigando á realeza. Así que se queres

andar por aí bicando mosquitos, xigantes ou morcegos, alá ti. Pero eu, se vexo ese mosquito, esmagállo sen miramentos.

CHINCHETA: (*Chora*) ¡Buaaa! ¡O meu príncipe-mosquito esfarangullado!

CHINCHA: (*Consolando a Chincheta*) Celidonia, muller, non sexas tan bruta, que a rapaza está sensible. ¡Que é a idade do pavo, recontra!

CELIDONIA: (*Cabreada*) Pois que aprenda dunha vez. Que somos bruxas, que ó público anunciámoslle unha de medo e que, a pouco que me descoide, isto convértese nun melodrama.

MORCEGO: ¿Remataron xa a discusión? (*As bruxas calan, atentas e modosiñas*) Pois vale. Vou busca-lo meu inmenso señor, o xigante Xuvenco.

CHINCHA: Vale, vale. Aquí agardamos.

(*Vaise o Morcego*)

CHINCHA: ¡Ai, que emoción!

CELIDONIA: ¡Que besta horrible está a piques de aparecer!

CHINCHETA: ¡Aí, mamasíña! ¡Que medo!

(*Entra de novo o Morcego con moita solemnidade*)

MORCEGO: Miñas donas, meus señores, aquí chega o meu titánico señor, o xigante Xuvenco.

(*Música. Bruxas medoñentas. Agáchanse unhas tralas outras, tapan os ollos... E aparece o xigante. Decepción. O xigante é un personaxe de tamaño normal, tirando a pequeno. Eso sí, a roupa venlle grande*)


CHINCHA: (*Abrindo un ollo*) ¿Eh? ¿Que xigante é vostede? ¿Que broma é esta?

XIGANTE: (*Queixoso*) Non é broma ningunha. Eu son o xigante Xuvenco. E a miña doenza é esta. Estou encollido.

BRUXAS: (*Abraiadas*) ¡Oh!

CELIDONIA: Lavaríase moito. Eu por iso non me baño nunca.

XIGANTE: Non, señora, non. Foi así, sen máis. Espertei pola mañá e xa estaba pequerrecho. Xa ven. Nin xigante nin nada. ¡Áta os calzóns están encollidos!



CHINCHETA: ¡Oh! Está clarísimo. Antes era vostede un xigante porque estaba enmeigado, e agora volve ser un príncipe normal.

XIGANTE: (*Anoxado*) ¿Pero que di esta tola? ¡Eu son o xigante Xuvenco, e non un pitimín de príncipe!

CHINCHA e CELIDONIA: (*A un tempo*) ¡É a idade do pavo!

XIGANTE: Vale, pero eu preciso ser un xigante de novo. E non consinto que me tomen o pelo. A ver... ¿que remedio traen para min? (*Sinala a maleta de Chíncha*)

CHINCHA: (*Remexendo na maleta*) ¡Ai, meu nenño! Hai trinta anos levabamos toda clase de bebedizos máxicos. Agora só temos para as dores da reuma...

CELIDONIA: ...para a vesícula...

CHINCHETA: ...para o mal de amores...

CHINCHA: ...para o colesterol...

CELIDONIA: ...para o ácido úrico...

CHINCHETA: ...para o acne xuvenil...

XIGANTE: (*Anoxado*) ¡Bastaaaa!

CELIDONIA: E o termo co caldiño quente. Para xigantes encollidos non levamos nada.

CHINCHA: ¡E mira que tiña eu ganas de ver un xigante de verdade!

XIGANTE: (*Choromiqueiro*) ¡Ouh! ¡Morcego! (*Sinala a maleta de Chíncha*) Bota fóra da miña vista toda esta cacharrada. E fai que se vaia este atallo de tolas. ¡Ai de min! ¡Que desgracia!

(*O Morcego colle a maleta de Chíncha*)

CHINCHETA: Se cadra eu podo atopar algo.

CHINCHA: Non, filliña. ¡Que vas poder! Se ti es aínda moi nova. Non te preocupes por este desagrado.

CELIDONIA: Os cambios de tamaño son o máis difícil da bruxería. Nos meus mellores anos preparei moitos bebedizos de agrandar e encoller. Pero agora, de vella, vou desmemoriada. Ímos, que aquí non pintamos nada.

CHINCHETA: Pero eu domino as novas tecnoloxías.
E, casualmente, levo aquí na miña maleta un
ordenador portátil do máis xeitoso.



(Todos fican expectantes. Chincheta abre a maleta e saca un ollo xigante que pon na mesa á vista de todos)

CHINCHETA: É o último descubrimento cibernético, o máis avanzado do mundo da robótica.

CELIDONIA: ¡Oh! Será para bota-lo mal de ollo, ¿non sí?

CHINCHETA: Non. Chámase Ocus-listus. Todo o sabe e todo o pode ver, dende as cousas máis grandes ata as microscópicas. Domina tódolos datos, toda a sabedoría.

CELIDONIA: Non sei... a mín as cousas modernas...

CHINCHA: ¡Oh! ¡E ten mando a distancia!

CELIDONIA: ¡Canta trapallada inventan hoxe en día!

(Chincheta acciona o mando. Óese a voz metálica do Ocus-listus)

OCUS-LISTUS: Ocus-listus conectado. Sinalar opción.

CHINCHETA: *(Dirixe o ollo cara o xigante)* Primeiro plano tipo Xuvenco. Describír problema.

OCUS-LISTUS: Tipo xigante con encollemento agudo.
Causa: descenso de volume do seu sangue de orixe parasitaria.

CHINCHA: ¡Que ben fala! ¡Non entendín nada de nada!

CHINCHETA: Está claro. Ocus-listus di que ó xigante lle chucharon o sangue, por iso encolleu.

CELIDONIA: (Ó ollo) E díme, Ollolisto, ¿quen foi o chuchón? ¿Eh? ¿Quen?

(Pausa. Silencio)


CHINCHETA: ¡Vaia! Xusto agora quedou sen batería
(Dálle golpes ó Ocus-listus)

XIGANTE: (Enfadado) ¡Ha, ha, ha! Así que hai alguén neste castelo que anda a molla-la palleta a conta miña. ¡Vou dar contigo, bicho pioloso, sexas quen sexas e te agaches onde te agaches!

(Forte treboada. Música. Aparece a Pantasma na escena. Vai tapado coa saba, e deixa ver unhas fazulas gordechas)

PANTASMA: ¡Uuuuuhhh!

(Asústanse todos, agás o xigante)



XIGANTE: (*Á Pantasma*) ¡Eh, ti! Non sexas fantasma e deixa en paz a esta xente, que me están a botar unha man.

PANTASMA: (*Pasma eponse choromiqueiro*) ¡Uuuuuhhhh!

CELIDONIA: ¡Meu pobre! Vai coller un trauma.

CHINCHA: ¿Non será el o que lle chucha o sangue?

XIGANTE: ¡Non, oh! As pantasma son espíritos puros e non se alimentan.

CELIDONIA: (*Olla á Pantasma con curiosidade*) Pois este está ben lucido para ser un espírito puro.

PANTASMA: (*Vaise choromicando*) ¡Uuuuuhhhh!

CHINCHETA: ¡Coitadiño! Se cadra é o espírito puro dun príncipe enmeigado.

TODOS: ¡Maldita idade do pavo!

(*Música de medo. Soan as campás da medianoite*)

CHINCHA: ¡Anda! ¡Se xa é medianoite!

(*Sae dun baúl, moi pachorrento, o vampiro Ramiro*)



RAMIRO: (*Boquexa*) ¡Boas noites! Outro día a ver se fan menos barullo, que así non hai quen pegue ollo.

XIGANTE: (*Berra*) ¡Socorro! ¡Un vampiro chuchasangue!

CELIDONIA: (*Ó vampiro*) ¡Ramiro!

RAMIRO: (*Sorprendido*) ¡Celidonia!

CELIDONIA: ¡Ven ós meus brazos, Ramiriño do meu corazón!

RAMIRO: ¡Dáme unha aperta, Celidoniña, meu amor!

(*Corren unha cara ó outro a cámara lenta. Soa música de amor doce e pegañenta. Danse unha forte aperta*)

CHINCHETA: ¡Eh! ¡Coidado, madriña, que é un vampiro, e os vampiros chuchan o sangue!

CELIDONIA: (*Sen aparta-los ollos do seu Ramiro*)
¡Que vai chuchar! Se este é o meu Ramiro. O único sangue que toma é o das filloas do Entroido.

CHINCHA: (*Á Chincheta*) Acouga, Chinchetiña, que Ramiro é coma se fose o seu príncipe enmeigado.

CHINCHETA: Agora de vella, a idade do pavo, ¿non?

XIGANTE: (*Achégase á parella*) ¡Un momento! ¡Un momentíño! ¿E quen lle deu permiso a vostede para instalarse aquí? Por moi inofensivo que sexa, o castelo é meu.

RAMIRO: (*Sen quitarlle o ollo a Celidonia*) Vostede perdoe, pero pensei que isto era un turismo rural.

XIGANTE: Nada, nada. Fóra, fóra, que isto xa parece unha feira.

CELIDONIA: ¡Adeus, Ramiro!

RAMIRO: ¡Adeus, Celidonia! ¡Agardarei por ti! ¡Levareite no meu corazón!

(*Vaise o vampiro Ramiro. Celidonia despídeo movendo un pano e logo baila soa*)

CELIDONIA: ¡Ai! Síntome nova despois de atopalo meu amor.

CHINCHA: Celidonia, muller, ten un pouco de sentido, que xa non es unha mocíña.

CELIDONIA: ¡Aí, pois eu síntome coma unha rapariga! Se ata me lembro da maneira de face-lo bebedizo de agrandar xigantes.

XIGANTE: ¡Oh! ¡Oooh! ¡Axiña! ¡Morcego! ¡Trae de novo os cacharros!

(O Morcego pon a maleta dos cacharros de Chíncha enriba da mesa. Celidonia non para de bailar)

CHINCHA: *(Prepara a cacharrada)* ¡Ánimo, Celidonia! Xa estou lista.

CELIDONIA: No termo do caldiño quente, bota... *(Bótalle unha ollada atenta ó xigante)*... un chisquiño de xabón Lagarto, que boa falta lle fai. Engádelle un pouco de laranxada de metilo, unhas bágoas de crocodilo, e... ¡Pichiclán! Xa está.

CHINCHA: *(Prepara a fórmula. Do cacharro sae fume e burbullas que botan por fóra)* ¡Que boa pinta ten!

XIGANTE: ¡Puaf! ¿E teño que beber esa porcallada?

CELIDONIA: Sí, pero hai que deixalo un tempo en repouso. Non vai fallar.

CHINCHETA: ¡Hurra!

CHINCHA: ¡Somos bruxas outra vez!

(Música de festa. As bruxas danse parabéns e bailan contentas)

XIGANTE: ¡Ha, ha, ha, ha! ¡E eu vou ser de novo un terrible xigante! ¡Ha, ha, ha!

(As bruxas paran de bailar)

CHINCHETA: *(A Xuvenco)* ¡Alto aí! ¿Pensas seguir por aí papando xente? ¿Non aprendiches nada de toda esta historia?

XIGANTE: ¿E que tiña que aprender? Eu sempre fun un xigante canalla e malvado, e non me veñas tí agora con leccións. Eu son como teño que ser.

CHINCHETA: Pois todo o mundo aprende algo. Eu hoxe aprendín que un xigante mingurrias coma tí non merece ter amigos que lle boten unha man.

CELIDONIA: Acouga, Chinchetiña, que en canto beba o preparado vaise converter nun xigante grande de corazón.

XIGANTE: (*Abraído*) ¿Como que de corazón? ¿E de corpo?

CHINCHA: Non te queixes. A grandeza de corazón é o mellor que pode ter unha persoa.

XIGANTE: (*Pensativo*) Ben mirado... levades razón. Eu vivía aquí sempre só, co meu morcego. Calquera día papábao tamén. E agora teño o castelo cheo de xente que me axuda. Xa non preciso ningún bebedizo, porque xa sinto como vai agrandando o meu corazón. (*Chora*) ¡Buaaa! ¡Quérovos moitísimo a todos! Son todo amor e amabilidade. ¡Morcego, baixa a Xalundes e dílle a toda a xente que veña, que xa son boa persoa e grande de corazón! ¡Buaaa!

MORCEGO: (*Emocionado*) Sí, señor Xuvenco ¡Que enorme corazón! (*Vaise*)

CELIDONIA: ¡O que eu temía! ¡Xa se montou o melodrama!

CHINCHA: Vai ser mellor que leve o bebedizo á cocí-



ña, que se ven moita xente vaise espaxer polo chan.

(Vaise Chinha co bebedizo. Chegan tódolos habitantes de Xalundes. Danlle bicos e apertas a Xuvenco)

HOME 1º: Nada, nada, Xuvenquiño. Cando queiras xogar ó dominó, xa sabes onde estamos.

MULLER 1ª: E cando teñas fame, vas ó mercado como todo o mundo, e xa está.

(Aparece Chinha moi alterada)

CHINCHA: ¡Socorro! ¡Axuda! ¡Hai un mosquito na cocíña!

CELIDONIA: ¡Poís esmágo!

CHINCHA: ¡Imposible! Papou todo o bebedizo.

(Pánico xeral)

XIGANTE: *(Ri)* ¡Ha, ha, ha! ¡Agora vai ser un mosquito grande de corazón!

(Aparece o Mosquito, tamaño xigante)



MOSQUITO: ¡Estaba bo ese caldiño! ¿E non terán por aí outro para desenmeigar un príncipe convertido en mosquito?

(Foxen todos) (Entran os cegos)

CEGOS: E aquel xigante larpeiro,
co seu corazón inmenso,
fíxose home de proveito
¡Mamasiña, que escarmento!

E poñan moito coídoado,
que anda por este colexio*
un mosquito chuchanenos
¡Aí, mamasiña, que medo!

(Cae o pano)

**(Pódese trocar esta palabra por outra axeitada ó lugar da representación: concello...)*

FIN

¡Mamasiña, que medo! foi estreada o día 7 de maio de 2000 no Auditorio do Concello de Vigo co elenco formado por nenas e nenos do Colexio Canicouva:

ACTORES E ACTRICES

CELIDONIA.....Ana Pérez
CEGO 1º.....Alicia González
CEGO 2º.....Miguel Estévez
CEGO 3º.....Thomas Chaos
MORCEGO.....Fanny Sipion
CHINCHA.....Sole Cameselle

CHINCHETA.....	Anía Casal
MECÁNICO.....	Sylvain Torres
XIGANTE XUVENCO.....	Víctor Blanco
OCUS-LISTUS.....	Ángel Blanco
PANTASMA.....	Miguel Pérez
VAMPIRO RAMIRO.....	Serafín Caride
MOSQUITO.....	Miguel Rial
PAISANAS E PAISANOS:	Ana Buján, Leticia Comesaña, Roi Oliveira, Paloma García, Oswaldo Kirsten, Yaiza Rodríguez, Blanca Ramos, Verónica Pérez, Daniel Pereira, Anthea Alonso, Natalia Moreno, Alba Regueiro, Alba Escudero, Daniel Jaén e Sheila Coego.
ESCENOGRAFÍA.....	Ramón Méndez e Sole García
SELECCIÓN MUSICAL.....	Sonía Pereiro e Diego Bouzón
DIRECCIÓN.....	Sabela Avendaño e Chus Pereiro

Colección MERLÍN
Títulos publicados

DE 9 ANOS EN DIANTE

O rei de nada e outros contos (4ª edición),
de Sabela Álvarez Núñez

A historia da buguina (2ª edición),
de Xaquín Agulla Pizcueta

Cepillo e outros contos,
de Pere Calders

O gato Bógar,
de Miguel Vázquez Freire

O armario novo de Rubén (5ª edición),
de Xabier P. DoCampo

A formiga coxa (6ª edición),
de Mariñar Aleixandre

Xiganos e anantes (2ª edición),
de Manuel Antonio Pina

Os soños na gaiola (12ª edición),
de Manuel María

A nena de ouro (3ª edición),
de Ursula Heinze

O espello (2ª edición),
de María García Yáñez

O avión de Cangas (2ª edición),
de Darío Xohán Cabana

Merlín 9 anos últimos títulos

Lia e as zapatillas de deporte
María Reimóndez

Sopa de marsopa
Isabel Freire

PALAbrAs brAncAs
Elvira Riveiro Tobío

Vouvos papar
Luz Méndez / Pere Tobaruela

Restaurante Farruco
Chus Ferreiro

Mar adiante
María Victoria Moreno

A profesora Ripaldi
María Alcañiz Lorenzo

O maquinista Antón
An Alfaya

Mil cousas poden pasar. Libro I
Jacobo Fernández Serrano
Premio Merlín, 2009

Ti non xogas!
Silvestre Gómez Xurxo

Mil cousas poden pasar. Libro II
Jacobo Fernández Serrano

Celidonia, bruxa profesional, chega un día a Xalundes, lugar famoso porque nel habita o xigante Xuvenco, que papou ó alcalde, ó garda de tráfico, ó cura,...

O que non saben as tristes xentes de Xalundes é que o descomunal e aterreciente xigante Xuvenco precisa axuda de contado porque, o pobriño, está doente.

¿Axudará a bruxa Celidonia o xigante papón? ¿Paparará o xigante á bruxa, e á súa comadre Chinchá e á súa afillada Chincheta? ¿Paparará ós lectores desta obriña de teatro?

¡Mamasiña, que medo! Unha obra de medo... para morrer de risa.



EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

